

## Traballadoras/es das escolas infantís de 0-3 anos saíron á rúa coa CIG demandando un convenio digno e xusto.

A CIG-Ensino mobiliza neste 1º de maio o sector de infantil de 0-3 anos na Galiza, denunciando a sinatura do XII Convenio Estatal de Infantil por seguir afondando na precariedade laboral e salarial e por ser rexeitado maioritariamente polo persoal.



**CONVENIO  
GALEGO  
XA!!**



Neste 1º de maio no que a CIG saíu á rúa co lema Recuperemos os dereitos para avanzar e logramos na Galiza emprego, salarios, dereitos laborais e pensións dignas, as traballadoras/es das escolas infantís de 0-3 anos tamén saíron, mobilizadas pola CIG-Ensino, en Santiago, A Coruña, Vigo, Ferrol e Lugo portando faixas reivindicativas co lema “POR UN CONVENIO DIGNO E XUSTO” e demandando a retirada da sinatura, o próximo 22 de maio, do XII Convenio Estatal de Infantil por seguir afondando na precariedade laboral e salarial e por ser rexeitado maioritariamente polas traballadoras/es do sector.



**A CIG-Ensino seguirá presionando ás oo.ss. asinantes e á patronal e levará a cabo unha recollida de sinaturas entre as traballadoras/es do sector, para frear este acordo carente de negociación, impositivo, precario e fraudulento.**

Dende a CIG-Ensino entendemos que debemos seguir mobilizando o sector coa finalidade de logramos un CONVENIO DIGNO E XUSTO, con melloras reais laborais e salariais, pero non só no ámbito estatal, onde cambiar as dinámicas pactistas e entreguistas das demais OO.SS é practicamente imposible, como se vén constatando convenio tras convenio, senón nun marco galego de negociacións para loitarmos por un CONVENIO GALEGO. Esta é a vía que sempre defendemos dende a CIG-Ensino, capaz de



acercar as negociacións aos traballadores/as, para que poidan decidir e conquistar, como outras CC.AA do estado, un convenio digno e xusto e de carácter galego.

Esta vía non a comparten as demais OO.SS non asinantes deste convenio polo que dende a CIG-Ensino levaremos a cabo unha recollida de sinaturas, cun manifesto reivindicativo no que se deixe claro cales son os verdadeiros intereses das traballadoras/as galegas/os do sector de E.I. na etapa 0-3.

**Esta campaña terá un dobre fin:**

- Frear a sinatura do convenio nestas condicións tan precarias.
- Loitarmos por un convenio de ámbito galego que atenda ás nosas reivindicacións.



## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal